



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE OS BENS INMOBLES**

De conformidade có establecido nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre os Bens Inmoables, que quedará redactada nos seguintes termos:

Artigo 1: Feito imponible e supostos de non suxeición e exención.

O feito imponible do imposto, así coma os supostos de non suxeición e exención, serán os regulados nos artigos 61 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Asemade, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmoables rústicos e urbáns cuxa cuota líquida agrupada de tódalas cuotas relativas a un mesmo suxeto pasivo referentes a bens rústicos e urbáns sitios neste municipio sexa inferior a 6 euros.

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes:

Para bens inmoables urbáns o 0,4 por 100.

Para bens inmoables rústicos o 0,61 por 100.

Para bens inmoables de características especiais o 0,6 por 100.

Artigo 3: Bonificacións postestativas.

As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

### Artigo 4: Xestión tributaria.

A xestión tributaria do imposto se atinxirá ao disposto, con carácter xeral, na Lei Xeral Tributaria.

A xestión do imposto poderá ser delegada polo Concello de Outeiro de Rei na Deputación Provincial de Lugo. Neste suposto, a xestión tributaria se rexirá polo disposto nas ordenanzas fiscais da Deputación Provincial.